



ASUNTO: MEMORIA DE NECESIDADE DO CONTRATO DE OBRA “ESTRADA LOCAL TORRE-RAMIL (FERREIROS) E OUTROS”

1.- Necesidade de execución da obra e competencia:

O Concello de O Pino considera de primeira necesidade as actuacións sobre a rede viaria local, especialmente aquelas que unen núcleos de poboacións entre si e que ademais do tráfico rodado de turismos para desprazamento das persoas soporta tráfico mais pesado como pode ser o transporte escolar, tractores e furgonetas para uso agrícola e gandeiro e todo tipo de tráfico que resulta necesario para o normal desenvolvemento da vida diaria dos usuarios. O Concello de O Pino de conformidade co artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local ten a competencia no mantemento da Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Dada a necesidade deste Concello de executar o proxecto “Estrada Local Torre-Ramil (Ferreiros) e outros”, elaborado polo arquitecto D. Pablo Blanco Ferreira, colexiado nº 22.992, de data decembro de 2018, con motivo da axuda concedida ao abeiro do Plan Unico de Concellos 2019 pola Deputación Provincial da Coruña.

Con tal motivo preténdese por parte do Concello realizar actuacións recollidas no proxecto referido.

2.- Contido - Obxecto do contrato:

Aos efectos de concreción e determinación do obxecto do contrato faise constar que o obxecto do contrato está constituído pola execución do proxecto proxecto “Estrada Local Torre-Ramil (Ferreiros) e outros”, elaborado polo arquitecto D. Pablo Blanco Ferreira, colexiado nº 22.992, de data decembro de 2018, con motivo da axuda concedida ao abeiro do Plan Unico de Concellos 2019 pola Deputación Provincial da Coruña.

3.- Duración:

O prazo para executar o proxecto anteriormente descrito e de seis meses.

4.- Xustificación do procedemento empregado:

A contratación da execución do proxecto verificarase de conformidade co artigo 159 da LCSP, mediante procedemento aberto simplificado.

5.- Valor estimado, orzamento de licitación e aplicacións orzamentarias:

O orzamento base de licitación (gasto máximo autorizado) para este contrato determinado de conformidade co previsto no artigo 100 da LCSP queda fixado na cantidade de 39.376,23 € - I.V.E. e demais tributos incluídos. O importe da adxudicación abonarase con cargo ao orzamento do Concello.

O valor estimado do contrato resulta: 32.542,34 euros.

6.- Lugar de prestación:

Concello de O Pino.

7.- División en lotes:

O obxecto do contrato non resulta susceptible de ser dividido en lotes. Consta informe do autor do proxecto onde se di literalmente "Por tratarse dunha obra completa tal como se reflicte en proxecto, de pouca entidade no seu conxunto e as partidas que o compoñen son relativamente pequenas, entende o técnico que subscribe que contratar a mais de unha empresa incluso entorpecería a boa marcha na execución da obra".

8.- Responsable do Contrato:

O enxeñeiro de camiños, Pablo Blanco Ferreiro de Estudio Técnico Gallego.

9.- Órgano de contratación:

O órgano de contratación competente é a Xunta de Goberno Local.

10.- Criterios de solvencia e adxudicación:

Enténdese que a solvencia esixible considerarase acreditada por algún dos medios previstos na LCSP, concretamente esixirase en relación coa solvencia económica un volumen mínimo de negocio igual ou superior ao valor do contrato (IVE incluído). Respecto a solvencia técnica esixirase unha relación dos principais traballos realizados análogos aos que se licitan.

En canto aos criterios de adxudicación terase en conta subxectivos (plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental e esquema de plan de seguridade e saúde) e criterios automáticos, tales como o prezo, a redución no prazo de execución e o incremento da garantía. Deste xeito procurase a mellor oferta non tendo en conta só o prezo, senon a máxima relación calidade-prezo de conformidade co artigo 145 da LCSP.